

Ref.: LA2202

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCA O CONCURSO PÚBLICO PARA A ELABORACIÓN DE LISTAS DE SUBSTITUCIÓN DE PERSOAL DOCENTE. CURSO ACADÉMICO 2022-2023

A Universidade de Vigo resolveu convocar concurso público polo procedemento de urxencia para a **elaboración de listas de substitución** de persoal docente nas áreas que se relacionan no anexo II.

Este concurso rexerese polo disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (en diante LOU), modificada pola Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, así como polo Decreto 266/2002, do 6 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre contratación de profesorado universitario, polo II Convenio Colectivo para o persoal docente e investigador das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, polos Estatutos da Universidade de Vigo e pola normativa do profesorado de substitución, aprobada por acordo do Consello de Goberno do 10 de maio de 2011 (modificado por acordo do 21 e 22 de marzo de 2013), en tanto non se opoñan ao establecido na LOU, e desenvolverase de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Requisitos de participación.

1. Todos os requisitos deberán posuírse con referencia á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de formalización dos contratos. Os documentos acreditativos deberán estar actualizados ao devandito prazo e de estar redactados en idiomas distintos do galego ou do castelán, deberán presentarse acompañados de tradución por intérprete xurado.

De acordo cos artigos 56 e 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, as persoas que desexen participar no presente concurso deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ser nacional dun estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores e traballadoras nos termos en que esta se atopa definida no Tratado Constitutivo da Unión Europea.

Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe, das persoas con nacionalidade española e de quen sexa nacional doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinteún anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros estados cando así se prevea nos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.

Páxina 1 de 8



CSV : GEN-fec6-e665-4f81-7e48-5792-b52e-cf7b-ea61

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 27/12/2022 13:32 | NOTAS : F

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter superado os sesenta e cinco.

c) Estar en posesión do nivel de titulación esixido, como mínimo, en cada unha das áreas que figuran no anexo II. No caso de títulos obtidos no estranxeiro, deberá achegarse credencial que acredite a súa homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade.

d) Non ter sido separadas do servizo, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitadas para o exercicio das funcións públicas. Quen sexa aspirante de nacionalidade distinta á española deberá acreditar non estar baixo sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso a función pública.

e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións docentes.

2. Os dereitos de exame para cada referencia serán de 18.40 euros. A liquidación de taxas realizarase a través da aplicación web da Universidade de Vigo habilitada para a participación no concurso de acceso. **Poderá aboarse o importe correspondente no período indicada na folia de liquidación, ben en efectivo ou con tarxeta.**

En efectivo farase nalgunha das entidades bancarias colaboradoras coa Universidade de Vigo: Abanca, Banco Santander ou CaixaBank. Con tarxeta realizarase a través da aplicación informática que permitirá seleccionar esta opción, sendo preciso seguir con atención o proceso ata súa finalización, comprobando co pago foi feito correctamente.

Segundo o disposto no artigo 23 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% e os membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. Aplicarase unha bonificación do 50% na taxa de inscrición aos membros de familias numerosas de categoría xeral. **Nos tres supostos será necesario que coa solicitude presenten as respectivas certificacións que o acrediten.**

Así mesmo, terán unha bonificación do 50% da taxa as persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data de publicación da presente convocatoria e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego, **as dúas condicións** deberán ser certificados pola **oficina dos servizos públicos de emprego.**

De conformidade co disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos procederá a devolución das taxas de participación cando non se realice o feito imponible por causas non imputables ao suxeito pasivo, debendo a persoa interesada solicitar a devolución e achegar os datos necesarios para a transferencia bancaria correspondente. Polo tanto, non procederá a devolución nos supostos de exclusión definitiva por causa imputable a persoa interesada.

A falta de pagamento dos dereitos de exame no prazo de presentación de instancias non é reparable e determinará a exclusión definitiva do concurso de quen sexa aspirante, agás que acredite o pago ou a exención da citada taxa.



CSV : GEN-fec6-e665-4f81-7e48-5792-b52e-cf7b-ea61

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 27/12/2022 13:32 | NOTAS : F

Segunda. Solicitude telemática.

1. A solicitude de participación farase cumprimentando o formulario integrado na aplicación web da Universidade de Vigo. Para presentar a solicitude de participación, as persoas interesadas deberán cumprimentar o formulario web da solicitude que se atopa establecido especificamente para a praza e corpo correspondente, dispoñible no enlace <http://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index> seleccionando "emprego" e "concursos de profesorado", no prazo **de dez días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia**. Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado o primeiro día hábil seguinte.

2. Durante o proceso de inscrición descrito anteriormente, achegarase nun **ficheiro PDF** os seguintes documentos, sendo causa de exclusión a falta dalgún deles:

a) Copia simple do documento acreditativo da identidade (DNI ou NIE).

b) Copia simple do título académico esixido en cada lista de substitución, ou da certificación de expedición do título, ou de ser o caso, da credencial de homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade expedida polo Ministerio de Educación.

Terceira. Presentación de documentación.

Unha vez cumprimentada e validada a solicitude a través da aplicación web, a mesma deberá ser presentada, xunto coa documentación correspondente, na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante o procedemento concurso público para elaboración de listas de contratación de persoal docente de substitución. Curso 2022-2023. O tamaño máximo de todo o conxunto de documentos é de 35 MB.

De conformidade co disposto no artigo 16.8 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, carecerá de validez e eficacia a presentación de solicitudes e a realización de calquera acto efectuado a través de medios distintos ao indicado no apartado anterior.

Achegarase en formato PDF, **xunto coa solicitude**, a seguinte documentación:

a) **Curriculum vitae: CV** detallado de acordo co modelo oficial que figura no anexo III, **en formato PDF**, o cal será **refrendado coa sinatura electrónica da persoa concursante**. Non serán valorados méritos que non estean detallados en dito modelo de curriculum vitae ou ben non se xustifiquen documentalmente. **O arquivo deberá nomearse como Currículo_DNI_CodPraza.pdf.**

b) **Méritos:** Os documentos e publicacións que acrediten todos os méritos alegados, incluído o coñecemento da lingua galega. Todos estes documentos deberán incluírse **nun único arquivo en formato PDF, seguindo a paxinación indicada no curriculum vitae e que se xerará segundo o establecido no anexo V. O arquivo deberá nomearse como Xustifica_DNI_CodPraza.pdf.**



c) Proxecto docente: O proxecto docente en formato PDF e cunha **extensión máxima de 15 páxinas**, que versará sobre a materia indicada pola comisión específica de área nos criterios específicos (anexo IV). Se non foi indicada, o proxecto versará sobre unha das materias que aparecen no perfil da praza no anexo II. **O arquivo deberá nomearse como Proxecto_DNI_CodPraza.pdf.**

d) Exención de taxas: Xustificante, no seu caso, da exención parcial ou total de taxas.

Todos os méritos alegados deberán posuírse con referencia á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Toda a documentación acreditativa dos méritos deberá aportarse dentro do prazo de presentación de solicitudes. Non se admitirá ningunha documentación adicional rematado dito prazo.

Cuarta. Relación de persoas admitidas e excluídas.

1. No prazo máximo de 15 días hábiles dende o remate do prazo de presentación de solicitudes publicárase nos lugares indicados na base 9.2, a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación dos motivos de exclusión. Quen presentase a súa candidatura disporá dun prazo de **cinco días hábiles para a subsanación das causas de exclusión indicadas**, de conformidade co disposto nas bases 1 a 3.

No suposto de que todas as persoas candidatas a unha mesma praza resulten admitidas nesta fase, as Comisións Específicas de Áreas poderán iniciar a valoración dos méritos de acordo coa base quinta.

2. Posteriormente ditarase unha resolución reitoral aprobando a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas. As reclamacións presentadas contra a publicación da relación provisional de persoas admitidas e excluídas entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

Quinta. Valoración dos méritos.

1. Os méritos serán valorados pola Comisión Específica de Área (CEA) designada polo respectivo consello de departamento, segundo se relaciona para cada praza no anexo IV, composta por cinco docentes da mesma área de coñecemento ou de áreas afíns á que está adscrita a praza, e con titulación, categoría e adicación igual ou superior á dita praza. A CEA someterase na súa actuación ao previsto na Lei 39/2015 e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En base ao previsto no artigo 26 do II Convenio Colectivo para o persoal docente e investigador, poderá asistir á comisión, con voz e sen voto, unha persoa proposta pola representación das traballadoras e dos traballadores.

2. A Comisión poderá actuar coa participación, cando menos, de tres membros (con voz e voto), requiríndose sempre a presenza da persoa que a presida e de quen ocupe a secretaría ou, de ser o caso, das persoas que as substitúan. En caso de ausencia de quen exerza a



presidencia será substituída polo/a membro da comisión de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde.

3. O baremo para a cualificación de méritos será o establecido no anexo I.

4. Os criterios de valoración de méritos, que poderán matizar ou cuantificar o baremo con maior detalle, son os que figuran no anexo IV. De existir calquera incompatibilidade entre os criterios de valoración da CEA e o baremo do anexo I, ou se os criterios non foron establecidos, prevalecerá o baremo sobre os criterios.

5. Recibida a documentación das persoas aspirantes admitidas, a CEA disporá dun prazo de dez días naturais para avaliar os méritos e propor a lista de persoas candidatas aptas. De estimalo necesario, poderá acordar a realización de entrevistas. A Comisión adoptará os seus acordos por maioría de membros presentes e no caso de empate decidirá o voto de quen exerza a presidencia.

6. A CEA valorará exclusivamente os méritos alegados no curriculum vitae e xustificadas do xeito que establece a base 3. A puntuación de cada mérito quedará reflectida nos apartados sombreados de dito modelo. Non se valorarán os méritos que non figuren no curriculum vitae.

7. Avaliados os méritos das persoas candidatas a comisión adoptará un acordo que constará de:

a) Puntuacións detalladas de todas as persoas candidatas en cada un dos apartados e subapartados do baremo.

b) Relación de todas as persoas candidatas ordenadas pola puntuación total.

c) Proposta de persoas declaradas aptas pola CEA para a súa inclusión na lista de substitución, ordenada segundo as puntuacións acadadas.

A Comisión poderá acordar que ningunha candidata ou candidato é apta/o para a inclusión na lista de substitución, motivando esta decisión.

8. A expresión da **puntuación total** e o seu **desglose** para cada apartado servirán de motivación á proposta de persoas declaradas aptas. Esta proposta, xunto coa documentación de cada concursante, enviarase ao Servizo de Persoal Docente e Investigador.

9. Coas persoas candidatas aptas que figuren na proposta da CEA constituiranse as listas de substitución, coa orde de prelación en que figuren para, no seu caso, proceder á cobertura de docencia vacante que por circunstancias sobrevidas de carácter extraordinario se produzan durante o curso académico.

10. De producírense demoras inxustificadas na tramitación do concurso dunha lista de substitución imputables á Comisión Específica de Área das que se poidan derivar non só responsabilidades por deficiente funcionamento, senón tamén claros prexuízos para a docencia e a atención ao alumnado, así apreciados pola Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado, esta poderá solicitar do Reitor a designación dunha Comisión de persoas expertas que relevará das súas actuacións á Comisión Específica de Área.

Sexta. Publicación de candidatos/as aptos/as e formalización de contratos.

1. A Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado resolverá o proceso mediante a publicación das listas de candidatos/as aptos/as nos lugares previstos na base 9.2.



CSV : GEN-fec6-e665-4f81-7e48-5792-b52e-cf7b-ea61

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 27/12/2022 13:32 | NOTAS : F

2. Producida a necesidade docente nunha das áreas do presente concurso, a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado resolverá o pedimento do Departamento correspondente establecendo a data de inicio do contrato.

3. O Servizo de Persoal Docente e Investigador convocará á persoa candidata segundo a orde de prelación para que aporte copia electrónica auténtica daqueles documentos que avalen o cumprimento dos requisitos esixidos nesta convocatoria, así como a documentación necesaria para formalizar o contrato.

De non formalizarse o contrato na data indicada sen mediar causa suficiente así apreciada pola Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, considerarase que renuncia ao contrato, convocándose á seguinte persoa na orde de prelación que figure na proposta. A sinatura do contrato ten carácter persoal e intransferible.

Séptima. Reclamacións.

1. Contra os acordos polas que se publican as listas de candidatos/as aptos/as, as persoas candidatas admitidas **poderán acceder á vista do expediente e interpoñer reclamación** ante a Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado no prazo de **cinco días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da súa publicación. Esta presentaráse na Sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) e a través de instancia xenérica dirixida ao Servizo de PDI. **En calquera caso, as persoas interesadas poderán acceder ao expediente de conformidade cos artigos 13 e 53 da Lei 39/2015.** O acordo da citada Comisión será vinculante para o Reitor, que ditará a correspondente resolución, esgotando a vía administrativa e que será notificada ás persoas que reclamen.

2. Non obstante, de presentarse algunha reclamación, e en tanto non se resolva, poderase contratar á persoa candidata proposta incluíndo no contrato unha **cláusula extintiva** condicionada á resolución da reclamación. En todo caso, o contrato non poderá ter unha duración superior a data de finalización do curso académico para o que se produce a contratación.

Resolta definitivamente a reclamación, de confirmarse a candidatura proposta, o contrato continuará a súa vixencia; en caso contrario, procederase á súa rescisión con efectos do día anterior á data de incorporación da nova persoa proposta, sen que neste caso, o contrato poda ter efectos anteriores á data da súa sinatura.

3. Recibidas e publicadas todas as propostas das comisións específicas de área, e rematado o prazo de reclamacións, publicarase o anuncio de listas de substitución reclamadas.

Oitava. Condicións dos contratos e obrigas.

1. A dedicación e a duración do contrato corresponderase coas necesidades de docencia sobrevidas durante o curso académico. Os contratos que se formalicen en virtude desta convocatoria terán as remuneracións que se figurann no II Convenio colectivo do PDI.

2. A prestación de servizos, e polo tanto o devengo das retribucións asignadas ao posto obtido, se iniciará na data en que se asinen os contratos, agás que neles se dispoña outra cousa, sen que en ningún caso poidan ter efectos retroactivos.



CSV : GEN-fec6-e665-4f81-7e48-5792-b52e-cf7b-ea61

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 27/12/2022 13:32 | NOTAS : F

3. O período de proba será de seis meses e considerarase que se supera sempre que non conste obxección contraria dentro dese prazo.

4. Consonte ao disposto nos artigos 3 ao 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de **incompatibilidades** do persoal ao servizo das administracións públicas, os contratos de profesor/a contratado/a de substitución **non serán compatibles con outra actividade no sector público, agás os casos establecidos para contratos a tempo parcial.**

Novena. Norma derradeira.

1. As listas de substitución xeradas pola presente convocatoria terán vixencia durante o curso académico **2022/2023**. Excepcionalmente, de conformidade co Acordo do Consello de Goberno do 21 e 22 de marzo de 2013, a Comisión de Ordenación Académica e Profesorado (COAP), a petición dos departamentos, poderá acordar estender a súa vixencia para o curso académico **2024/2025**.

2. A publicación dos actos que integran este procedemento no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da Universidade de Vigo, servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto no artigo 45.1 da Lei 39/2015.

Con independencia dos lugares nos que regulamentariamente deban publicarse, tanto a convocatoria como os actos e acordos que integran este proceso selectivo se publicarán a título divulgativo na páxina electrónica da Universidade de Vigo, no seguinte enderezo <http://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index> seleccionando "emprego" e "concursos de profesorado".

3. A interposición de calquera recurso non suspenderá a execución do acto impugnado. Non obstante, o órgano ao que competa resolver, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese xeral ou a terceiras persoas a suspensión e o prexuízo que causa ao recorrente a eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a pedimento deste, a súa execución consonte ao legalmente establecido.

4. De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Os datos facilitados na solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a tramitación deste concurso e amparados pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades e os estatutos da Universidade de Vigo.

Coa súa participación neste concurso as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza deste concurso. Non obstante e co fin de previr riscos na publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, a persoa afectada comunicará esta circunstancia coa maior celeridade á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo (986 813419 e igualdade@uvigo.es).

Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e se conservarán durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.



CSV : GEN-fec6-e665-4f81-7e48-5792-b52e-cf7b-ea61

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 27/12/2022 13:32 | NOTAS : F

As persoas participantes están obrigadas a facilitar estes datos en virtude do especificado nos parágrafos anteriores e, en caso de non facelo, se lles excluíra do proceso selectivo.

As persoas participantes teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento, así como a oporse ao devandito tratamento e a solicitar, agás casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderán exercerse mediante solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo no rexistro da Universidade de Vigo, ou en calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da LPCAP. Máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente, pode dirixir dita solicitude á Delegada de protección de datos: Ana Garriga Dominguez, Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas, 32004 Ourense (España) 988368834, dpd@uvigo.gal.

Tamén pode presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, perante o reitor. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015.

O Reitor,



CSV : GEN-fec6-e665-4f81-7e48-5792-b52e-cf7b-ea61

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 27/12/2022 13:32 | NOTAS : F